

Comunicado nº 035/16 2 de marzo de 2016

□ ESPAÑA COMPITE.

A medida inclúese nos Presupostos xerais do estado (PGE) para o 2016, e bautizouse como **“Plan 2020 de apoio ó Deporte Base”**.

Para aseguralos beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no Artigo 27.3 da Lei 49/2002.

A duración do programa de apoio a iste acontecemento abarcará dende o 1 de Xaneiro do 2016 ata o 31 de decembro do 2018, polo que o automobilismo disporá dunha palanca adicional para captar patrocinios e da mellora dos presupostos das empresas para investir en Marketing.

Advírtese que as entidades deportivas, (SAD) Sociedades Anónimas Deportivas, non poderán beneficiarse destas medidas por estar limitadas a **“entidades sen fins lucrativos”**. Tamén se poden beneficiar as Federacións Deportivas.

Creouse o programa “España Compite” polo que as empresas poden facer aportacións de ata 50.000 euros a Escuderías, Deportistas, Federacións, e dedúcese do imposto de sociedades ata un 40% da cantidade aportada.

O obxectivo é que as empresas españolas poidan utilizalo deporte base para promocionarse.

Para baixalas fichas pincha enriba:

[1.- España Compite, “Evento Deportivo”](#).

[2.- España Compite, “Empresa Asociada”](#).

[3.- España Compite, “Deportista Beneficiario”](#).

[4.- España Compite, “Escudería Beneficiaria”](#)



Anexo I:

Os deportistas e entidades beneficiarias de “España Compite” comprométese a:

- a) Publicitar a súa condición de beneficiario deste programa nas competicións e actividades deportivas nas que participe, facendo constar de forma clara e visible a imaxe de “España Compite”, sempre que sexa posible.
- b) Participar nas actividades de difusión e promoción de “España Compite”. Esta participación debe respectar o calendario de adestramentos e competicións das entidades/deportistas, así como o seu necesario descanso.
- c) Participar nas actividades previamente pactadas coa empresa beneficiaria (se fose o caso). Esta participación debe respectar o calendario de adestramentos e competicións das entidades/deportistas, así como o seu necesario descanso.
- d)- A deportista/entidade deberá reembolsar o importe da axuda en caso de ser sancionado, disciplinaria ou administrativamente, en materia deportiva grave ou moi grave tipificadas polas distintas federacións, se a sanción prodúcese durante o período de goce da axuda.
- e) Destinar as axudas recibidas para os fins para os que foron concedidas e xustificalas debidamente, podendo, en calquera momento, ser obxecto de revisión por parte da comisión técnica de “España Compite”.